

RESUMO IDADE DOS METAIS. CIVILIZACIÓNS FLUVIAIS.

A Idade dos Metais

Esténdese desde a elaboración das primeiras ferramentas de metal ata a invención da escritura. Hai uns 7000 anos, en Oriente Medio e na península de Anatolia, os seres humanos aprender a traballar os metais. O primeiro metal utilizado foi o cobre, que non era resistente. Máis tarde, lograron o bronze, unha aleación de cobre con estaño, co cal obtíñan un metal máis resistente. Finalmente, aprenderon a traballar o ferro, máis duro e abundante. Para elaborar os obxectos metálicos empregaron técnicas como a forxa e a fundición.

Co traballo do metal desenvólvese o comercio entre zonas ricas en metal e as demais. Xurdiron as primeiras cidades e creáronse novas ocupacións (artesáns, guerreiros, comerciantes...)

Hai uns 5000 anos inventáronse a roda e a vela, que facilitaron os transportes, e tamén o arado, que permitiu arar máis terreo a máis velocidade.

Xa dende finais do Neolítico erguéronse diferentes construcións megalíticas:

- Menhires: Grandes pedras alongadas espetadas de forma vertical no chan
- Dolméns: Grandes pedras verticais fincadas no chan e cubertas por lousas horizontais. Eran sepulturas colectivas.
- Crómlechs ou círculos líticos. Amplos recintos circulares formados pola agrupación de varios menhires. Pénsase que eran santuarios.

No territorio da actual España a Idade dos Metais comezou hai uns 4000 anos. Destacan primeiro a cultura de Los Millares, e logo a cultura de El Argar. Tanto na península como en Baleares apareceron numerosos monumentos megalíticos.

En Galicia a metalurxia tivo gran desenvolvemento, destaca o tesouro de Caldas. Desta época tamén son os petróglifos, debuxos gravados sobre rochas ao aire libre. Destaca o conxunto de Campo Lameiro.

CIVILIZACIONES FLUVIAIS

Hai 5000 anos xurdiron, xunto a grandes ríos, as civilizacións fluviais: Mesopotamia, Exipto, China e India. Estas civilizacións formáronse preto de inmensos ríos e foron desenvolvendo a súa economía con base na agricultura, aproveitando as terras fértiles, cunha infraestrutura de canles e diques.

A invención da escritura foi fundamental para estas civilizacións. Os sumerios (Mesopotamia) desenvolveron cara o 3200 AC unha das primeiras formas de escritura coñecidas. Ao principio, gravaban cunha cana pictogramas (sinxelas imaxes sobre taboíñas de barro). Os pictogramas fixéronse cada vez máis abstractos, ata converterse en signos con forma de cuña. Por iso esta escritura recibe o nome de cuneiforme. No antigo Exipto comezaron a realizar xeroglíficos sobre follas de papiro ou sobre os muros. As civilizacións fluviais caracterizáronse por tres trazos:

- Un poder político forte.
- Unha sociedade moi xerarquizada, cunha minoría privilexiada
- Construción de grandes obras arquitectónicas (Palacios, templos e tumbas).

MESOPOTAMIA

Naceu cara ao IV milenio a.C. entre os ríos Tigris e Éufrates. Mesopotamia significa “terra entre ríos” e está aproximadamente no territorio do actual Irak. Era unha zona árida, pero a construción de canles e diques desde os ríos permitiu o desenvolvemento dunha agricultura moi produtiva.

A primeira etapa foi o período sumerio, no que se construíron as primeiras ciudades-Estado independentes. As cidades-estado son estados soberanos independentes compostos por unha soa cidade e o seu territorio circundante. Entre elas estaban: Uruk, Ur e Lagash. A escritura xurdiu na cidade de Uruk, a súa orixe proven dunha serie de signos usados como rexistro contable que evolucionou ata crear un sistema de escritura. Deste xeito, chegaron a nós as primeiras obras literarias como Gilgamesh, o poema épico dun rei de Uruk chamado así.

A súa historia desenvólvese en cinco etapas nas cales varios pobos alternaron o poder:

Período sumerio (Primeiras cidades-Estado), Imperio Acadio, Imperio babilónico (no cal destaca o rei Hammurabi, que creou un dos primeiros códigos legais da historia), Imperio asirio (expansión ata o mar

Mediterráneo) e Imperio neobabilónico. Despois os Persas conquistaron toda esta zona e tamén controlaron o antigo Exipto.

Na sociedade había unha minoría privilexiada entre a que estaban o rei, a aristocracia, os sacerdotes e os escribas. Estes pousían a maioría das riquezas. O resto da poboación estaba formado maioritariamente por campesiños e campesiñas; e tamén artesás e comerciantes.

A relixión era politeísta (relixión na que hai varios deuses). (arco e bóveda). Cada cidade-Estado tiña unha divindade protectora. Os templos eran a súa morada e o lugar onde se organizaban as ceremonias na súa honra. Os edificios realizábanse con adobe e ladrillo. Empregaban arcos e bóvedas (elementos curvos inventados por esta civilización. Preto dos tempos levantaron Cigurats, enormes torres graduadas que probablemente se utilizarían como observatorio astronómico, lugar de culto ou centro de adiviñación.

O ANTIGO EXIPTO

A civilización exipcia naceu hai máis de 5000 anos en África, xunto ao río Nilo. A auga do río abastece a poboación e o gando, utilizábase para regar os cultivos e era a principal vía de comunicación. No verán as chuvias torrenciais provocaban o desbordamento do río. Cando se retiraban as augas, deixaban sobre as beiras un barro escuro que fertilizaba o terreo, chamado limo. O pobo exipción chamáballe a esta franxa terras negras. Máis alá estendíanse as terras vermellas, é dicir, o deserto. Para aproveitar mellor a auga do Nilo, a poboación exipcia construíu diques para retela e canles para conducila a terras afastadas.

A súa historia atrevesou tres etapas:

O Imperio Antigo, o Imperio Medio (produciuse unha expansión territorial) e o Imperio Novo (período de esplendor). Na segunda metade do primeiro milenio a. C., diversos pobos (asirios, persas, gregos e romanos) conquistaron o territorio Exipcio.

O Faraón gobernaba o antigo Exipto, era considerado un deus e exercía todos os poderes. Os grupos privilexiados eran nobres, sacerdotes, escribas e o exército. A maior parte da poboación era campesiña, que vivían de cultivar as terras do faraón, dos nobres e dos templos. Tamén había artesáns e comerciantes. Moitos prisioneiros de guerra convertíanse en persoas escravas.

A sociedade exipcia era politeísta. (Rinde culto a numerosos deuses e deusas, e a algúns animais). O faraón era o intermediario entre as divindades e as persoas.

O templo era a morada da divindades, e tiña dimensións colosais (enormes columnas). Construíanse en pedra porque era un material duradeiro, e eran de teitos planos (alintelados). As paredes e teitos cubríanse con relevos e pinturas.

A poboación exipcia cría na existencia dunha vida despois da morte e na necesidade de conservar os corpos para gozar da segunda vida. Por iso, practicaban a momificación.

Os sarcófagos que contiñan as momias enterrábanse en: mastabas, pirámides e hipoxeos. As mastabas son as máis antigas. As pirámides teñen forma piramidal, e xorden da superposición de mastabas. Destacan as pirámides de Gizeh (tumbas dos faraóns Keops, Kefren e Micerinos). Son propias do imperio antigo. Por último, os hipoxeos destacan no imperio Novo. Eran tumbas subterráneas excavadas na rocha. Destacan os hipoxeos do Val do Reis e do Val das Raíñas, sobre todo a tumba do faraón Tutankamón, que foi atopada intacta.

A escultura e pintura exipcias están moi vinculadas coa relixión, aínda que tamén teñen un fin político. As esculturas eran ríxidas e idealizadas, e moitas estaban pintadas de vivas cores. A pintura utilizaban cores vivas, as figuras tamén son ríxidas e sen movemento. As escenas non teñen profundidade e seguen o principio xerárquico, é dicir, os máis importantes son de maior tamaño.